



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 1 DE

AGOSTO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día un de agosto de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Rocio Vila Díaz.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de xullo de 2011.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2011 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

### 2º.- Correspondencia.

- Escrito de dona Rocio Vila Díaz, concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente, rexistrado de entrada con data do día 29 de xullo de 2011, co número 12.858, no que comunica que se ausentará do termo municipal dende o día 1 ao 7 de agosto do ano que andamos, ambos os dous incluídos.

- Escrito da Unión Estatal de Federaciones y Asociaciones por la Custodia Compartida, rexistrado de entrada con data do día 1 de agosto de 2011, co número 12.939, ao que achega a moción para que se adopte un acordo municipal de solidariedade, apoio, colaboración e

impulso a prol da garda e custodia compartida, que inste ao Parlamento a acometer unha reforma que afiance e mellore a senda marcada polas Cortes de Aragón e Valencia, e abra definitivamente a porta para a elaboración dunha lei de ámbito estatal de acordo ás necesidades e demandas actuais da nosa sociedade.

- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 182, de data do día 30 de xullo de 2011).

- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (Boletín Oficial do Estado número 182, de data do día 30 de xullo de 2011).

- Resolución do 24 de xuño de 2011, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, promovido por Augas de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 142, de data do día 26 de xullo de 2011).

- Escrito do Consejo Territorial del Catastro de Galicia-A Coruña, Delegación de Economía y Hacienda de Galicia-A Coruña, rexistrado de entrada con data do día 29 de xullo de 2011, co número 12.871, no que comunica que constituídos xa os novos concellos despois das eleccións que tiveron lugar o pasado mes de maio, os consellos territoriais da propiedade inmobiliaria deben realizar os trámites de designación de vocais, dous dos cales corresponden aos municipios da provincia da Coruña con poboación de dereito superior a vinte mil habitantes, agás o da capital da provincia, polo que, o Concello deberá comunicar antes do día 19 de agosto, o nome dos dous concellos dos que a continuación se relacionan aos que vota para que o representen no citado consello: Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Ribeira e Santiago de Compostela.

- Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, rexistrado de entrada con data do día 27 de xullo de 2011, co número 12.755, no que comunica que mediante Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2011, pola que se regulan a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental resolveuse inadmitir a solicitude presentada polo Concello de Cambre polo importe de 39.600,00 euros para “adquisición de vehículo”, dentro da liña de subvención establecida no artigo 1.5.b) da citada orde, subvencións de natureza competitiva, para todos os concellos de Galicia, por “so será posible presentar un proxecto ou anteprojecto por entidade (artigo 4.5.2.c)”. A secretaria da Corporación dá conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Participación Cidadá e Turismo, de data do día 14 de abril de 2011, pola que se solicita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o outorgamento dunha subvención para o proxecto “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público nas zonas de Brexo e Pravio”, por importe de 39.601,61 euros (que supón o 82% do orzamento total do proxecto), aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 14 de febreiro de 2011.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos**

Don Manuel Marante Gómez informa que contactou coa empresa Instelec polo tema do “proxecto de centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública 2010”. O proxecto estaba mal, había unha subvención do INEGA. O informe da arquitecta municipal era negativo, porque informa que se traballa en terreos privados, pero o proxecto reflectía un plano antigo de Cambre, onde non se recolle a realidade. Manifesta que aparentemente as luminarias están en terreos privados e o departamento de Contratación paralizou o expediente de contratación.

O señor alcalde manifesta que haberá que requirir á persoa que fixo o proxecto para que o corrixa.

Don Manuel Marante Gómez di que haberá que estudar se se pode reiniciar o expediente e realizar a obra no prazo establecido para o efecto.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que o que se debe facer é solicitar unha prórroga e logo xa se verá se se pode facer a obra. Don Manuel Marante Gómez comenta que solicitará a citada prórroga.

Don Manuel Marante Gómez informa que mantivo unha xuntanza co persoal da brigada de Obras, para coñecer o estado das instalacións do Espírito Santo. Nesta reunión tamén faláron do tema do salario. Están a cobrar entre 700 e 800 euros. Manifesta que nos Concellos de Carral, Oleiros están a cobrar entre 1.100 e 1.200 euros. Cre que se deberán equiparar, haberá que subirlles, cando menos, ao salario mínimo interprofesional. Don Felipe Andreu Barallobre contéstalle que se estudará.

En canto ás necesidades das instalacións, solicita que se fagan os trámites correspondentes para ordear á persoa que imparte o curso de soldadura para que prepare unhas tapas de aceiro inoxidable para colocar nunhas fosas que hai no almacén da brigada.

En canto ás deficiencias observadas nas instalacións, a luz non está instalada convenientemente, hai que facer a instalación da electricidade, así como colocar unha billa na entrada.

Don Manuel Marante Gómez informa que tamén hai un grave problema, teñen un almacén de ferralla, cre que se debería retirar ou vender. Don Felipe Andreu Barallobre contesta que falará coa técnica de Patrimonio.

Así mesmo, continúa a dicir que hai que resolver o problema do edificio que se fixo en San Lorenzo, porque foino a visitar e non ten saneamento.

Don Manuel Marante Gómez remata a dicir que a semana pasada o chamou Augaservi, para comentarlle que hai un contador que ten pouco consumo. Falaron co propietario e este díxolles que non consumía auga, xa que tiña feito un pozo. Foron a velo e quitaron o contador para comprobar se estaba estragado. Parece ser que o problema é outro ben distinto e solicitou que lle redactaran un informe ao respecto, dado que esta situación é así dende hai anos. Cando teña o citado informe, o presentará á Xunta de Goberno Local.

Sendo as once horas e quince minutos don Manuel Marante Gómez ausentase da sala de sesións, dado que ten unha xuntanza con veciños.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa respecto da programación das vindeiras festas do mes de agosto. En concreto, en canto á churrascada, comenta sobre o prezo da ración de churrasco e, tendo en conta o custo do servizo, se acorda establecer un prezo de 8 euros por ración.

Informa, igualmente, que o vindeiro día 3 de agosto, ás 12,00 horas terá unha reunión para tratar temas de organización co persoal que vai rodar aquí unha película do director José Luis Cuerda sobre unha novela de Manuel Rivas.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Don Fernando Caride Suárez informa que o próximo día 15 de agosto é o maratón popular no polideportivo dos Campóns e di que detrás hai unha entulleira que haberá que retirar. O señor alcalde contesta que se dará conta ao departamento de Obras.

Don Fernando Caride Suárez entrega aos concelleiros copia dos actos deportivos que terán lugar durante o mes de agosto.

Tamén informa que o día 31 de agosto vence o contrato da conserxería do campo de fútbol Dani Mallo. No novo prego que se ten previsto realizar, inclúese o campo de Lendoiro. Así mesmo, solicitou que se inclúa o mantemento do céspede do campo de fútbol. Cando se teña preparado, pensa que para primeiros de ano, se contratará.

Don Fernando Caride Suárez remata a dicir que mantivo unha reunión o venres pasado con persoal da piscina. Remítiralle a don Felipe Andreu Barallobre as súas pretensións.

Cando son as once horas e vinte e cinco minutos incorporase á sesión don Manuel Marante Gómez.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que con data do día de hoxe se aprobou o programa de actividades de encontro e ocio 2011-02012, complementando a oferta cultural, educativa e deportiva do concello para ofrecer un lugar de encontro para os diferentes colectivos e grupos de idade. Ampliase o número de horas nas actividades de fotografía dixital e de pintura debido á súa demanda e ofrécense novas actividades como é o obradoiro de interculturalidade, dirixido aos inmigrantes residentes en Cambre, informática para a terceira idade e manualidades na Barcala todos os venres. Igualmente, aprobanse as condicións que regulan a inscrición e selección, de acordo co establecido na Ordenanza municipal reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades e das condicións do seu desenvolvemento. A data de inscrición é do día 22 de agosto ao 9 de setembro, agás as actividades cuatrimestrais que estará aberto o prazo ata o día 29 de febreiro de 2012. As actividades comezarán o día 3 de outubro de 2011 e rematarán o día 31 de maio de 2012.

Dona Maria Jesús González Roel informa que con data do día de hoxe comeza a ludoteca de verán para 16 nenos con necesidades educativas especiais e con idades comprendidas entre os 5 e os 12 anos. É ata o día 12 de agosto, en horario de 10,00 a 14,00 horas no centro da terceira idade da Barcala. Contarán con 3 monitores e 3 voluntarios de reforzo. O seu

desenvolvemento é o seguinte: de 10,00 a 11,30 horas apoio escolar; de 11,30 a 12,00 horas saída ao parque infantil, se o tempo o permite; de 12,00 a 14,00 horas distintas actividades de ocio, tales como dinámicas de grupo, plástica, deportivas... Habrá dúas saídas, unha ruta de sendeirismo polo río Mero e á piscina municipal, se o tempo o permite.

Remata a pedir a don Manuel Marante Gómez que por quen corresponda do departamento de Servizos se revise a rampla de acceso que se colocou no local cedido á asociación Arela, xa que parece que non ten a inclinación debida, e que mire a posibilidade de instalar un pasamáns.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe manifesta que xa ten o informe da tesoureira ao que fixo referencia na anterior Xunta de Goberno Local, o cal desaconsella a eliminación da caixa.

O señor alcalde propón que quede como está, porque é en interese do veciño. Se o veciño ten que ir ao banco a pagar, esperar o súa quenda, se lle está a prexudicar.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa sobre a tramitación dos expedientes de contratación:

- Respecto das orquestras para as festas do mes de agosto, informa que teñen que rectificar a documentación presentada.
- Respecto da limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das gábias de titularidade municipal do Concello de Cambre, informa que están pendente de informe por parte da enxeñeira municipal.

Tamén informa sobre a iniciación da licitación do expediente de actividades municipais de encontro e ocio 2011-2012

Para rematar, don Felipe Andreu Barallobre informa que o venres pasado, ás trece horas, tivo lugar unha reunión cos voceiros dos distintos partidos políticos, coa excepción de don José Antonio Baamonde, quen se escusou. Tratouse os posibles usos do edificio Villa Concepción.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O voceiro de Esquerda Unida expuxo a posibilidade de habilitar un local para facer vodas, instalar o arquivo histórico municipal, un museo histórico sobre os templarios, locais para asociacións.

Ao final, se pensou en instalar na planta de abaixo unha pequena cafetería, e instalar tamén no citado edificio unha sala de exposicións, a hemeroteca, a fototeca, unha sala de lectura, dúas salas de talleres: un para persoas adultas e outro para rapaces, así como un taller de pintura infantil. Na planta superior poderíanse facer salas de usos múltiples.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria



Manuel Rivas Caridad



María Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G